

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020261	Terra de Turonio	Gondomar	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1335	Técnicas de tempo libre	2023/2024	4	107	128

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARINA ABRUÑEDO GUILLÁN, SANTIAGO NÚÑEZ PAREDES (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o módulo TÉCNICAS DE TEMPO LIBRE pertencente ao Ciclo MEDIO DE GUÍA NO MEDIO NATURAL E DE TEMPO LIBRE tomando como referencia o o Decreto ----- correspondente o título de Técnico/a de guía no medio natural e de tempo libre, da Familia Profesional ACTIVIDADES FÍSICAS Y DEPORTIVAS, cunha duración de 2.000 horas.

Todos os contidos e actividades de ensinanza- aprendizaxe especificados en dita programación, van encamiñados a que o alumnado, futuros/as técnicos/as en GUÍA NO MEDIO NATURAL E DE TEMPO LIBRE , obteñan a cualificación profesional para organizar itinerarios e guiar grupos por contornas naturais de baixa e media montaña, terreo nevado tipo nórdico, cavidades de baixa dificultade, barrancos de baixo risco, medio acuático e instalacións de lecer e aventura, progresando a pé, con cordas, en bicicleta, en embarcacións e a cabalo, así como dinamizar actividades de tempo libre, adaptando todo iso aos participantes, respectando o medio ambiente e garantindo a calidade e a seguridade.

### AMBITO DE TRABAJO:

Ámbito das actividades deportivo-recreativas na natureza e turismo activo, deportivo ou de aventura e en instalacións de lecer e aventura, así como en actividades socioeducativas de tempo libre, nas áreas de organización, desenvolvemento, dinamización, seguimento e avaliación das devanditas actividades e nas de prevención, vixilancia e rescate en espazos acuáticos naturais. Tamén poden exercer a súa actividade en unidades de intervención acuática e equipos de rescate e socorrismo.

A actividade profesional realízase tanto de forma autónoma como contratada, no ámbito público, xa sexa administración xeral, autonómica ou local, e no ámbito privado, en grandes, medianas e pequenas empresas de servizos vinculadas aos sectores produtivos do deporte, turismo e lecer e tempo libre educativo infantil e xuvenil.

### PERFIL PROFESIONAL:

Deseñador de itinerarios terrestres ata media montaña, deseñador de itinerarios ecuestres ata media montaña, deseñador de itinerarios en bicicleta por terreos de ata media montaña, deseñador de itinerarios polo medio acuático en embarcacións de recreo exentas de despacho, deseñador e organizador de actividades físico-deportivas recreativas guiadas polo medio natural, encargado de prevención e seguridade en roteiros e eventos en bicicleta, encargado de prevención e seguridade en roteiros e eventos ecuestres, guía en actividades de sendeirismo, montañismo por baixa e media montaña, travesía por baixa e media montaña, e roteiros nevados tipo nórdico con raquetas. Guía de barrancos de baixa dificultade. Guía de espeleología de dificultade baixa. Guía de itinerarios en bicicleta de montaña. Guía de itinerarios de cicloturismo. Guía de itinerarios dacabalo. Guía de itinerarios polo medio acuático en embarcacións de recreo exentas de despacho, monitor de tempo libre educativo infantil e xuvenil. Monitor de campamentos, de albergues de mocidade, de casas de colonias, de granxas-escolas, e de aulas e escolas de natureza. Monitor de actividades no marco escolar. Monitor de instalacións de lecer e aventura. Socorrista en praias marítimas. Socorrista en lagos e encoros. Socorrista de apoio en unidades de intervención acuática. Socorrista en actividades acuáticas na contorna natural. Socorrista en actividades náutico-deportivas. Socorrista en praias fluviais.

### RESULTADOS DE APRENDIZAXE (RA):

RA1. Caracteriza proxectos de tempo libre, analizando o contexto social e os perfís dos colectivos destinatarios destes.

RA2. Organiza actividades lúdicas e de tempo libre, e determina os espazos e os recursos, así como a normativa en materia de prevención e seguridade.

RA3. Desenvolve actividades recreativas e de tempo libre, aplicando técnicas e recursos de animación e expresión.

RA4. Desenvolve actividades recreativas e de tempo libre no medio natural, respectando os principios de conservación, sustentabilidade e mellora do ambiente.

RA5. Organiza actividades de campamento, respectando as medidas de prevención e de seguridade e aplicando protocolos de actuación en casos de situacións de emerxencia nas actividades desenvolvidas no medio natural.

RA6. Desenvolve actividades de seguimento e avaliación das actividades de tempo libre, e selecciona estratexias, técnicas e recursos para identificar os aspectos susceptibles de mellora.

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Proxectando o tempo libre	Características que deben ter os proxectos de tempo libre. Analizaremos o contexto social e os perfís dos colectivos destinatarios destes.	24	15
2	Actividades lúdicas	Veremos como se organizan as actividades lúdicas e de tempo libre, como de determinan os espazos e os recursos, e analizaremos a normativa en materia de prevención e seguridade.	28	25
3	Actividades de expresión	Desenvolveremos diferentes actividades recreativas e de tempo libre aplicando técnicas e recursos de animación e expresión.	26	20
4	Actividades na natureza	Desenvolveremos actividades recreativas e de tempo libre no medio natural respectando os principios de conservación, sustentabilidade e mellora do medio ambiente.	28	25
5	A seguridade	Organizaremos actividades recreativas e de tempo libre respectando as medidas de prevención e seguridade e aplicando protocolos de actuación en situacións de emerxencia.	22	15

### 4. Por cada unidade didáctica

#### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Proxectando o tempo libre	24

#### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza proxectos de tempo libre, analizando o contexto social e os perfís dos colectivos destinatarios destes	SI
RA6 - Desenvolve actividades de seguimento e avaliación das actividades de tempo libre, e selecciona estratexias, técnicas e recursos para identificar os aspectos susceptibles de mellora	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o marco sociocultural en que se sitúa o proxecto
CA1.2 Analízase a congruencia das actividades do proxecto en relación ás finalidades deste
CA1.3 Xustifícase a vinculación entre as liñas de actuación do proxecto e as características das persoas destinatarias
CA1.4 Sitúanse no organigrama as funcións dos/das profesionais implicados/as no proxecto
CA1.5 Compróbase a aplicación da normativa nos proxectos de tempo libre
CA1.6 Analízanse as fases do proceso de planificación
CA6.1 Establecéronse os indicadores que cómpre aplicar na avaliación das actividades recreativas e de tempo libre
CA6.2 Formalizáronse rexistros de seguimento das actividades recreativas e de tempo libre
CA6.3 Elaboráronse informes e memorias de avaliación
CA6.4 Usáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para o seguimento e a avaliación das actividades
CA6.5 Transmitíronse os resultados da avaliación ás persoas implicadas
CA6.6 Xustifícase a importancia da avaliación en actividades recreativas e de tempo libre

**4.1.e) Contidos**

Contidos
<p>Lecer e tempo libre.</p> <p>0Fases da planificación. Plan, programa e proxecto. Memoria e informe.</p> <p>Análise do marco sociocultural en que se sitúa o proxecto.</p>

Contidos
<p>Análise das actividades do proxecto en relación coas finalidades deste.</p> <p>Programas de tempo libre para colectivos específicos.</p> <p>Análise de recursos para o tempo libre.</p> <p>Centros de actividades recreativas de tempo libre.</p> <p>Organigrama e funcións dos/das profesionais implicados/as no proxecto.</p> <p>Marco lexislativo. Estrutura organizativa e funcional.</p> <p>Avaliación das actividades de animación de tempo libre.</p> <p>Técnicas e instrumentos para realización da avaliación no ámbito do tempo libre.</p> <p>Indicadores de avaliación.</p> <p>Pautas para a elaboración e a formalización de rexistros de seguimento.</p> <p>Pautas para a elaboración de memorias e informes.</p> <p>Xestión de calidade nos programas e nas actividades de tempo libre.</p> <p>Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.</p>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Actividades lúdicas	28

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Organiza actividades lúdicas e de tempo libre, e determina os espazos e os recursos, así como a normativa en materia de prevención e seguridade	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Argumentouse o valor educativo do xogo
CA2.2 Tivéronse en conta os perfís das persoas participantes na proposta de xogos
CA2.3 Seleccionáronse xogos para o desenvolvemento das habilidades sociais, intelectuais e motrices das persoas participantes
CA2.4 Asignáronse espazos, recursos e materiais para o desenvolvemento de actividades lúdicas e de tempo libre
CA2.5 Tivéronse en conta as medidas de seguridade e de prevención na organización das actividades de tempo libre educativo
CA2.6 Establecéronse pautas para a avaliación das actividades
CA2.7 Adaptáronse as actividades para favorecer a participación de persoas con diversidade funcional

**4.2.e) Contidos**

Contidos
<p>Valor educativo do xogo. Funcións no desenvolvemento persoal.</p> <p>0Xeración de contornos seguros nas actividades de tempo libre.</p> <p>O xogo: características; evolución; tipos.</p> <p>Uso do xogo na animación do tempo libre.</p> <p>Organización e selección de materiais para as actividades de lecer e tempo libre.</p> <p>Elaboración de fichas de xogos</p> <p>Actividades lúdicas adaptadas a persoas con diversidade funcional.</p> <p>Organización de espazos de lecer.</p> <p>Prevención e seguridade en espazos de tempo libre.</p>

Contidos
Pautas para a avaliación de actividades.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Actividades de expresión	26

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Desenvolve actividades recreativas e de tempo libre, aplicando técnicas e recursos de animación e expresión	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Aplicáronse técnicas de expresión, utilizando recursos de distintos ámbitos artísticos e comunicativos
CA3.2 Adaptouse a utilización dos recursos á participación de persoas con diversidade funcional, á evolución dos intereses das persoas participantes e aos cambios do contorno
CA3.3 Xustificáronse as condutas saudables na realización das actividades
CA3.4 Utilizáronse recursos audiovisuais e informáticos como ferramentas de animación nas actividades de tempo libre
CA3.5 Acondicionáronse os espazos atendendo á potencialidade educativa das actividades e á participación das persoas con diversidade funcional
CA3.6 Argumentouse a importancia das técnicas de expresión para o desenvolvemento da creatividade das persoas usuarias

**4.3.e) Contidos**

Contidos
<p>Técnicas de animación e de expresión.</p> <p>Xogos populares, alternativos e predeportivos</p> <p>Deseño de actividades para o tempo libre a partir de recursos e técnicas expresivas.</p> <p>Adecuación dos recursos expresivos ás necesidades das persoas participantes.</p> <p>Deseño de actividades de lecer e tempo libre normalizadas para persoas con diversidade funcional.</p> <p>Acondicionamento dos espazos.</p> <p>Creatividade, significado e recursos.</p> <p>Aplicación de técnicas para o desenvolvemento da expresión oral, plástica, motriz, musical e audiovisual.</p> <p>Realización de actividades para o desenvolvemento da expresión.</p> <p>Xogos para o desenvolvemento das habilidades sociais e intelectuais.</p> <p>Xogos para o desenvolvemento de condutas saudables.</p> <p>Xogos para o desenvolvemento motor da persoa. Identificación das habilidades motrices básicas.</p> <p>Os obradoiros na educación no tempo libre.</p> <p>Aplicacións dos recursos audiovisuais e informáticos na animación de tempo libre.</p>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Actividades na natureza	28

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Desenvolve actividades recreativas e de tempo libre no medio natural, respectando os principios de conservación, sustentabilidade e mellora do ambiente	NO



Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Organiza actividades de campamento, respectando as medidas de prevención e de seguridade e aplicando protocolos de actuación en casos de situacións de emerxencia nas actividades desenvolvidas no medio natural	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizouse a importancia da educación ambiental a través das actividades de tempo libre
CA4.2 Aproveitáronse as características do medio natural como espazo para actividades recreativas e de tempo libre
CA4.3 Aplicáronse estratexias e pautas de actuación para o desenvolvemento de actividades educativas no medio natural
CA4.5 Seleccionáronse os recursos para o desenvolvemento de actividades e xogos de natureza no medio natural
CA4.6 Establecéronse pautas para facilitar a observación e o coñecemento da flora e da fauna nas actividades recreativas no medio natural
CA5.1 Elaboráronse actividades recreativas complementarias ás rutas e aos itinerarios en función dos obxectivos e das persoas usuarias da actividade
CA5.2 Establecéronse os recursos materiais e humanos para establecer unha acampada individual ou colectiva, respectando as medidas de seguridade establecidas
CA5.3 Organizáronse as actividades recreativas e de tempo libre no contorno da acampada no medio natural
CA5.4 Utilizáronse as ferramentas de orientación nos xogos

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Educación ambiental: características; principios.
Marco lexislativo nas actividades no medio natural.
Uso e mantemento dos recursos no medio natural.

Contidos
<p>Actividades recreativas do medio natural. Xogos de orientación.</p> <p>Xogos e actividades ambientais. Flora e fauna</p> <p>Estratexias e pautas de actuación para o desenvolvemento de actividades educativas no medio natural.</p> <p>Ecosistema urbano.</p> <p>Organización e desenvolvemento de actividades recreativas de acampada no medio natural.</p> <p>Xogos e actividades recreativas no contorno natural.</p> <p>Xogos de orientación, xogo de pistas e xogos de rastreo. Grandes xogos.</p> <p>Recursos materiais e humanos para unha acampada.</p> <p>Rutas e campamentos.</p> <p>Instalacións para a práctica de actividades no medio natural.</p>

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	A seguridade	22

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Desenvolve actividades recreativas e de tempo libre no medio natural, respectando os principios de conservación, sustentabilidade e mellora do ambiente	NO
RA5 - Organiza actividades de campamento, respectando as medidas de prevención e de seguridade e aplicando protocolos de actuación en casos de situacións de emerxencia nas actividades desenvolvidas no medio natural	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.4 Xeráronse contornos seguros no medio natural, minimizando os riscos

**Criterios de avaliación**

CA5.5 Formuláronse as medidas de prevención de riscos nas actividades de acampada e nos itinerarios, atendendo ás características do lugar en que se desenvolven

CA5.6 Aplicáronse protocolos de actuación en casos de situacións de emerxencia nas actividades recreativas e de tempo libre no medio natural

**4.5.e) Contidos****Contidos**

Marco lexislativo nas actividades no medio natural.

Prevenición e seguridade nas actividades de tempo libre no medio natural.

Medidas de prevención de riscos nas actividades de acampada e itinerarios.

Situacións de emerxencia no medio natural. Protocolo de actuación.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación****MÍNIMOS EXIXIBLES:**

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo "Técnicas de tempo libre" evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver. Asemade dado que se trata de ensinanzas presenciais o alumno/a deberá asistir regularmente as actividades programadas, considerándose perda de avaliación continua cando o número de faltas supere avaliación continua cando o número de faltas supere o 10% da duración do módulo, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 (DOG no 136/2011 do 15 de xullo).

Os mínimos exixibles, polo tanto, son os establecidos polos distintos criterios de avaliación dos distintos RA:

**Unidade didáctica 1:**

- CA1.1. Identificouse o marco sociocultural en que se sitúa o proxecto.
- CA1.2. Analizouse a congruencia das actividades do proxecto en relación ás finalidades deste.
- CA1.3. Xustificouse a vinculación entre as liñas de actuación do proxecto e as características das persoas destinatarias.



- CA1.4. Situáronse no organigrama as funcións dos/das profesionais implicados/as no proxecto.
- CA1.5. Comprobase a aplicación da normativa nos proxectos de tempo libre.
- CA1.6. Analizáronse as fases do proceso de planificación.

Unidade didáctica 2:

- CA2.1. Argumentouse o valor educativo do xogo.
- CA2.2. Tivéronse en conta os perfís das persoas participantes na proposta de xogos.
- CA2.3. Seleccionáronse xogos para o desenvolvemento das habilidades sociais, intelectuais e motrices das persoas participantes.
- CA2.4. Asignáronse espazos, recursos e materiais para o desenvolvemento de actividades lúdicas e de tempo libre.
- CA2.5. Tivéronse en conta as medidas de seguridade e de prevención na organización das actividades de tempo libre educativo.
- CA2.6. Establecéronse pautas para a avaliación das actividades.
- CA2.7. Adaptáronse as actividades para favorecer a participación de persoas con diversidade funcional.

Unidade didáctica 3:

- CA3.1. Aplicáronse técnicas de expresión, utilizando recursos de distintos ámbitos artísticos e comunicativos.
- CA3.2. Adaptouse a utilización dos recursos á participación de persoas con diversidade funcional, á evolución dos intereses das persoas participantes e aos cambios do contorno.
- CA3.3. Xustificáronse as condutas saudables na realización das actividades.
- CA3.4. Utilizáronse recursos audiovisuais e informáticos como ferramentas de animación nas actividades de tempo libre.
- CA3.5. Acondicionáronse os espazos atendendo á potencialidade educativa das actividades e á participación das persoas con diversidade funcional.
- CA3.6. Argumentouse a importancia das técnicas de expresión para o desenvolvemento da creatividade das persoas usuarias.

Unidade didáctica 4:

- CA4.1. Analizouse a importancia da educación ambiental a través das actividades de tempo libre.
- CA4.2. Aproveitáronse as características do medio natural como espazo para actividades recreativas e de tempo libre.
- CA4.3. Aplicáronse estratexias e pautas de actuación para o desenvolvemento de actividades educativas no medio natural.
- CA4.4. Xeráronse contornos seguros no medio natural, minimizando os riscos.
- CA4.5. Seleccionáronse os recursos para o desenvolvemento de actividades e xogos de natureza no medio natural.
- CA4.6. Establecéronse pautas para facilitar a observación e o coñecemento da flora e da fauna nas actividades recreativas no medio natural.

Unidade didáctica 5:

- CA5.1. Elaboráronse actividades recreativas complementarias ás rutas e aos itinerarios en función dos obxectivos e das persoas usuarias da actividade.
- CA5.2. Establecéronse os recursos materiais e humanos para establecer unha acampada individual ou colectiva, respectando as medidas de seguridade establecidas.
- CA5.3. Organizáronse as actividades recreativas e de tempo libre no contorno da acampada no medio natural.
- CA5.4. Utilizáronse as ferramentas de orientación nos xogos.
- CA5.5. Formuláronse as medidas de prevención de riscos nas actividades de acampada e nos itinerarios, atendendo ás características do lugar en que se desenvolven.
- CA5.6. Aplicáronse protocolos de actuación en casos de situacións de emerxencia nas actividades recreativas e de tempo libre no medio natural.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno/a que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe, este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:

1. Traballo diario (actitudes) (20%): en base ao interese que mostre o alumnado no desenvolvemento das clases, a súa participación e implicación, ás intervencións, o traballo en equipo, a actitude de respecto tanto de cara ao profesorado coma os compañeiros/as, a asistencia e a puntualidade.

O alumnado terá de partida 10 puntos que poderán ver reducidos se aparecen condutas negativas en clase.

2. Elaboración de traballos e actividades teórico-prácticas: (40%): para obter cualificación positiva no trimestre correspondente, será obrigatoria e condición imprescindible a presentación dos traballos e a obtención nos mesmos dunha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10.

3. Probas teóricas (40%): realizarase como mínimo unha proba por trimestre onde será preceptivo conseguir unha nota mínima de 5 puntos sobre 10 para obter cualificación positiva no trimestre correspondente e poder facer media cos apartados anteriores.

SERÁ NECESARIO PARA SUPERAR O MÓDULO UNHA PUNTUACIÓN MÍNIMA DE 5, TANTO NA PARTE PROBAS COMO NOS TRABALLOS OU NO ACTITUDINAL.

Polo tanto, para aprobar o módulo é imprescindible ter cada unha das avaliacións aprobadas e a nota final acadada en cada avaliación calcularase sumando as notas resultantes da:

- avaliación de conceptos (40%).
- procedementos (40%).

- actitudes (20%).

Para aquel alumnado que teña avaliacións parciais pendentes na terceira avaliación, e antes de poñer a cualificación da mesma, realizarase unha proba teórico-práctica sobre aquelas partes non superadas, na que o alumno/a se deberá amosar ter adquiridos ditos contidos. No caso de non superar as avaliacións parciais, o alumno/a terá que examinarse da materia pendente na Convocatoria Ordinaria de Xuño.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Para recuperar unha cualificación insuficiente tanto no apartado de exames como de elaboración dun traballo, será necesario repetir o exame ou presentar os traballos solicitados ou outros similares, previa modificación dos aspectos que os levaron a ser valorados negativamente. En ambos os casos, a nota obtida verase reducida nun 20%, sen baixar de 5 puntos sobre 10, en caso de estar aprobado. Se as probas e traballos de recuperación realízanse nun terceiro intento a nota verase reducida nun 30%, sen baixar de 5 puntos sobre 10, en caso de estar aprobado.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

A avaliación continua require a asistencia regular dos alumnos e as alumnas ás clases e as actividades programadas do módulo. Aqueles alumnos ou alumnas que perdan o dereito a avaliación continua deberán avaliarse mediante convocatoria extraordinaria.

A esta convocatoria tamén deberán acudir todos aqueles alumnos e alumnas que aínda cumprindo cos requisitos de asistencia non superaron o nivel mínimo exixido na avaliación continua.

A proba final extraordinaria consistirá en:

Realización dunha proba con dúas partes diferenciadas: teórica (test e preguntas a desenvolver) e práctica (realización de casos prácticos).

A cualificación final da proba será a media entre a puntuación obtida na parte teórica e a parte práctica.

Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 na proba, non existindo a posibilidade de gardar algunha parte aprobada durante o curso, se fose o caso.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

A nivel de seguimento de programacións, empregárase a aplicación informática de elaboración e seguimento de programacións, e á Xefatura de Departamento contará cunha copia para que conste nas actas correspondentes.

Enténdese a programación como un documento vivo, en continua transformación a través da avaliación da práctica docente, o que permitirá facer as correccións e modificacións necesarias que os procesos de ensino-aprendizaxe nos demanden, tanto a curto prazo, no desenvolvemento da programación durante un curso, coma a medio prazo a través dos sucesivos anos escolares.

O procedemento fundamental será a utilización das propias unidades didácticas que desenvolven a programación como referente da nosa práctica. O instrumento utilizado será o diario de aula realizado sobre a propia secuencia de actividades da correspondente unidade didáctica, no que podemos reflectir exactamente a actividade diaria en comparación continua co determinado na programación, aportando as valoracións oportunas tanto do alumnado (directas ou indirectas) como do profesor. Esta continua reflexión permitiranos valorar si as desviacións entre o previsto e o realizado, se as hai, son importantes, a que se deben e ata que punto deberán ser integradas na propia programación, proceso que nos levará inevitablemente ao enriquecemento da mesma.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: "Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente".

A nosa proposta para o cuestionario de avaliación inicial consistirá nunha batería de preguntas sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas.

Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, ou que teñamos alumnado matriculado, tal e como establece a ORDE do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas no seu artigo 3.3: "Do total de prazas que se ofrecen, reservarase un 10 % para persoas que teñan legalmente recoñecida unha discapacidade maior ou igual a 33 %, respectando a distribución de prazas realizada a partir das porcentaxes fixadas para os grupos de axudicación", o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15 "De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral".

Tomando en consideración o establecido pola LOE e polo Decreto 114/2010 respecto á atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

- Medidas de acceso ao currículo para alumnos con diversidade funcional.
- Agrupamentos: á hora de traballar en equipo, estes serán formados por alumnado con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que se axuden entre si.
- Adaptacións curriculares non significativas para aquel alumnado con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo.
- Actividades de ampliación e de investigación para aquel alumnado que presente un rendemento académico moi superior o resto do grupo.
- Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación das actitudes é un obxectivo fundamental no alumnado que vai traballar directamente con persoas, e especialmente se estas son nenos ou nenas ou novas ou se atopan en situación de vulnerabilidade. Neste contexto a profesionalidade, o respecto, a comprensión e a empatía deberán presidir todas as actuacións. Por esta razón hai que promover todas estas actitudes en clase e en todas as prácticas ou procedementos que se poñan en marcha.



Resulta difícil realizar unha planificación completa de ensino de actitudes pois, como apuntamos, é algo que debe potenciarse día a día. O profesorado deberá ter presentes os temas fundamentais e incidir neles cando a situación na aula o justifique. Algúns momentos nos que se poden traballar e potenciar as actitudes no alumnado son:

- Na explicación do texto, nos apartados Teno en conta! que aparecen dispersos por todo o libro. En moitos casos refírense a aspectos relacionados con actitudes correctas ou condutas responsables no traballo.
- Nas orientacións que se dean no momento de expor diferentes exercicios e actividades. Incidirase na importancia do traballo ben feito, o aproveitamento do tempo, a presentación coidada, a entrega dentro dos prazos indicados, etc.
- Nas actividades prácticas incidirase na importancia de respectar as normas de seguridade, así como as referentes a eliminación de residuos e respecto ao medio ambiente.
- Nas actividades ou traballos en grupo, incentivando á participación e a colaboración entre os compoñentes, á toma colexiada e consensuada de decisións, á organización do grupo e repartición de tarefas, etc.
- No comportamento na aula, chamando a atención sempre que sexa necesario.

Resumo de valores que deben ser transmitidos de forma transversal:

- Educación para a igualdade: estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
- Educación ambiental: é fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente nun módulo no que están presentes as actividades na natureza.
- Educación para a saúde: é importante adquirir hábitos saudables nas actividades de lecer.
- Educación para a convivencia: procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático.
- Educación do consumidor: fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo.
- Interculturalidade: traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico - práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

Ademáis de forma clara neste módulo se traballará coa tolerancia, igualdade de oportunidades, respecto pola toma de decisións, dignidade da persoa e responsabilidade profesionais como base para facer un exercicio profesional rigoroso.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Á marxe das actividades de ensino-aprendizaxe deseñadas para cada unha das unidades didácticas, cómpre describir outras actividades que se diferenzan de aquelas polos recursos, tempos e espazos necesarios para o seu desenvolvemento: actividades complementarias e extraescolares:

1. Actividades complementarias: realízanse co alumnado en horario lectivo e, formando parte da programación, teñen un carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan:

- Formación con AMINOGAL. Charla sobre los abusos sexuales en menores.

2. Actividades extraescolares: son aquelas organizadas polo centro, que deben figurar na programación xeral anual, e que se realizan fóra de horario lectivo e de forma voluntaria:

- Visita / colaboración con alguna asociación que traballa con persoas con diversidade funcional.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Aula Virtual

Como espazo soporte utilizarase a Aula virtual, ferramenta que será usada como elemento de comunicación, onde se colgarán documentos xerais de importancia para o módulo, así como para avisos de importancia.

O seu obxectivo fundamental é a organización da distinta documentación das UD's e a entrega de actividades; xerando, así, estudo-aprendizaxe en varios formatos, axudando a construír unha visión xeral e completa da materia e facilitando o manexo e revisión de toda a información incorporada na aula.

Será, polo tanto, utilizada como ferramenta didáctica na que será necesario cumprir coas normas establecidas polo docente en canto a: prazos, formatos de entrega de actividades, especificacións das tarefas, tipo de intercambio de información...

Será obrigatorio que todo o alumnado esté dado de alta na Aula Virtual do Centro, e teña feito algunha actividade a través da mesma, ou ben antes que remate o mes de setembro (nos casos nos que nos sexa posible temporalmente lograr este obxectivo), ou ben a principios do mes de outubro naqueles casos que por algunha circunstancia non se houbera podido facer nos últimos días do mes de setembro.